



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Decreto realización segundo exercicio da fase de oposición. Creación de bolsa de emprego de contratación laboral temporal ou nomeamento de interino para a cobertura dos postos: CELADOR/A CPI (funcionarial) e CONSERXE CPI (laboral fixo, xornada parcial) 2023.

Expediente: 2023/G003/000735– 2023/X999/000066.

María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, e no uso das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local.

Á vista dos seguintes antecedentes:

- Memoria da Alcaldía do 31.08.2023, da necesidade da formación da bolsa de emprego.
- Providencia da Alcaldía do 04.09.2023.
- Informe TAX sobre procedemento e lexislación de data 04.09.2023.
- Proposta de Bases de selección para a creación dunha bolsa de emprego de data 04.09.2023.
- Informe TAX sobre a proposta de bases de data 04.09.2023.
- Informe da Secretaria - Interventora do Concello 05.09.2023.
- Decreto núm. 510/2023 de data 05.09.2023 polo que aproban as bases reguladoras da convocatoria formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos de interino para a cobertura dos postos: CELADOR/A CPI (funcionarial) e CONSERXE CPI (laboral fixo, xornada parcial) 2023.
- Decreto núm. 571/2023 de data 03.10.2023 polo que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso para a creación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos de interino para a cobertura dos postos: CELADOR/A CPI (funcionarial) e CONSERXE CPI (laboral fixo, xornada parcial) 2023.
- Decreto núm. 613/2023 de data 20.10.2023 polo que se aproba a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso para a creación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos de interino para a cobertura dos postos: CELADOR/A CPI (funcionarial) e CONSERXE CPI (laboral fixo, xornada parcial) 2023.
- Acta do Tribunal de data 30.10.2023 do primeiro exercicio da fase de oposición.

A vista do anterior, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- A constitución do Tribunal levarase a cabo o vindeiro VENRES 10 de NOVIEMBRE de 2023, na Casa da Cultura do Concello ás 10:00 horas.

- O segundo exercicio da fase de oposición, consistente na realización dun suposto práctico, realizarase o venres 10 de novembro de 2023 a partir das 10:15 horas na Casa da Cultura do Concello de Lousame.

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello máis no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello:

(<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/tablon/>) de acordo co disposto na base undécima.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

